



Memoria explicativa das actividades do ano 2014

A Asociación Cultural Musical Solfa continuou un ano máis na liña de incidir e traballar a prol da normalización cultural e lingüística de Galiza. Fixemos unha programación ampla no ámbito cultural, nomeadamente no musical. Pretendemos programar distintas actuacións co fin de conseguir os obxectivos marcados.

Programar cantas accións sexan necesarias para lograr os obxectivos anteditos.

Destacamos as nosas actividades no ano 2014

5 de febreiro

“Nunha presa de terra” de Paco Castro

A Biblioteca Concepción Arenal organizou a presentación do libro “*Nunha presa de terra*” do que é autor Paco Castro Alvaredo. A coral Solfa, quixo acompañar a Paco, nese momento tan especial, cantando diversas cancións populares galegas e desexándolle moitos éxitos. A obra desenvólvese nunha biblioteca na que o seu protagonista queda pechado e comeza a recordar a súa vida e o seu pasado... Novela na que moitos e moitas verémonos identificad@s.

Febreiro.

Heicho cantar

O Coro de Solfa participou o 5 de febreiro de 2014 no programa “Heicho cantar” da Televisión de Galicia.

Día de Rosalía de Castro en Compostela

A Asociación Cultural e Musical Solfa colaborou coa Agrupación Cultural O Galo e coa Asociación de Escritoræs en Lingua Galega para ofrecer unha programación variada polo Día de Rosalía de Castro en Compostela

Día 22 de febreiro na Praza de Vigo os actos consistiron en:

- 11:00 Lectura de textos de Rosalía e ofrenda floral
- 11:30 a 13:30 Roteiro Rosaliano por Compostela guiado por Mercedes Espiño

O domingo 23 de febreiro no Panteón de Galegos/as Ilustres ás 12:00 Lectura pública da obra de Rosalía e contou coa actuación da Coral Solfa.

28 de marzo. Luar.

O programa Luar convidou a banda de música de Solfa e actuou no seu programa o día 28 de marzo.

11 de abril

Concerto da Banda e da Coral de Solfa

A Coral e a Banda de Música de Solfa no Centro Sociocultural das Fontiñas deron un concerto ás 20.30h. para todos os veciños e veciñas do barrio dirixidos por Francisco Tobar Cereijo e Fernando Rei Mallo.

23 de abril

Concerto da Coral de Solfa no Colexio Público das Fontiñas

O Colexio público das Fontiñas organizou distintas actividades co motivo do 20 aniversario da apertura do centro. A Asociación Cultural e Musical Solfa participou nesa celebración coa actuación da coral o mércores día 23 de abril ás 19.30h.

27 de abril.

Festival de Bandas de Música en Noia

A Banda de Música de Solfa, a Banda de Música de Rianxo e a Banda de Música de Lousame participaron no Festival de Bandas na Vila de Noia, no Liceo, o domingo, día 27 de abril, ás 18.00h.

Programa

A Freixa de R. e F. Groba.

Suit Catoira de Xosé Carlos Seráns

A Misión “O óboe de Gabriel” de E. Morricone

Bali de D. Correia

30 de abril, mércores, feira do libro na Alameda de Santiago.

A Coral de Solfa participou cun concerto na semana do libro, na Alameda de Santiago na que Paco Castro fixo unha segunda presentación do seu libro, *Nunha presa de Terra.*

23 de maio

Concerto da Banda de Música de Solfa no Colexio Público das Fontiñas



O Colexio Público das Fontiñas continuou organizando distintas actividades co motivo do XX aniversario da apertura do centro. A nosa asociación, moi gustosamente, participou nas actividades e, nesta ocasión, con moit@s ex alumno@s compoñentes da banda de música, demos un concerto ás 19.30h. cun programa de bandas sonoras de distintas películas coñecidas polo público.

Programa

- The mask of zorro (J. Horner)
- Alborada (X. Carlos Seráns)
- Jurassic Park (J. Williams)
- Pandeirada (X. Carlos Seráns)
- Piratas do Caribe (K. Badelt)
- Titanic (J. Horner)

7 de xuño

VII Encontro de Corais. Fontiñas 2014

Organizado co motivo do VII aniversario da Confraría de Santo Antonio de Fontiñas, o **sábado 7 de xuño ás 20:30. horas**, celebrouse o VII Encontro de Corais. Xunto coa Asociación Folclórica e Cultural Xirandaina, Grupo folclórico Fondo do Peto, Coral Ponte Mantible a Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos, e a Coral Carrocería Castrosúa, a nosa Coral de Solfa baixo a dirección de Francisco Tobar Cereijo interpretou:

- **Verdes son os campos** de Luís de Camoes. Música de Zeca Afonso Arr.: M. Roseira Días
- **María Soliña** de Celso Emilio Ferreiro Arr.: Francisco Tobar Cereijo
- **O Carro** de Manuel María Música de Baldomero Iglesias Dobarrio
- **Torre de Hércules** de Francisco Añón. Música de Francisco Tobar Cereijo

20 de xuño

Concerto no Salón Teatro da Coral e Banda de música de Solfa en Compostela

O **20 de xuño, venres, ás 20.30h.** a Asociación Cultural e Musical Solfa celebrou no **Salón Teatro** de Compostela o final de curso cun concerto da Coral e Banda de música de Solfa.

A Coral interpretou un extenso repertorio que vai desde poemas do século XVI de Luís de Camões até poetas do S. XX como Celso Emilio Ferreiro e Manuel María, o noso poeta nacional, sempre sen descoidar a presenza da música popular. Con orgullo e responsabilidade á hora de interpretalos e baixo a dirección de Francisco Tobar Cereijo demos comezo a ese concerto.

Seguidamente a Banda de música dirixida por Fernando Rei Mallo interpretou un repertorio de bandas sonoras de películas moi coñecidas.

Programa

Coral de Solfa. Director: Francisco Tobar Cereijo

- **Verdes son os campos** de Luís de Camoés. Música de Zeca Afonso
- **O Carro** de Manuel María. Música de Baldomero Iglesias Dobarrio
- **María Soliña** de Celso Emilio Ferreiro. Arr.: de Francisco Tobar Cereijo
- **Torre de Hércules** de Francisco Añón. Arr.: de Francisco Tobar Cereijo
- **Monte Viso** de Carlos Rodríguez. Arr.: Francisco Tobar Cereijo
- **Jingle** Popular brasileira. Arr.: M^o. Marum S. Alexander
- **Fisterra** Popular. Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Banda de música de Solfa. Director: Fernando Rei Mallo

- **A máscara do Zorro** de J. Horner
- **Danzando con lobos** de J. Bocook
- **Parque Xurásico** de J. Williams
- **Titanic** de J. Horner
- **Piratas do Caribe** de K. Badelt
- **Foise co vento** de M. Steiner
- **Mar adentro** de A. Amenabar

25 de xuño

Concertos didácticos.

O **día 25 de xuño**, no Centro Sociocultural das Fontiñas, **ás 20.00h**, deu comezo un concerto didáctico coa participación da coral de Solfa e d@s alumn@s da asociación nas disciplinas de frauta, vento metal e percusión. Un programa extenso que comezou coa coral e rematou co grupo de percusión dirixidos por Francisco Troncoso.

12 de xullo

Convivio da Cultura Galega na Casa Museo de Manuel María. Outeiro de Rei (Lugo)

A Coral e a Banda de Música de Solfa, xuntamente coa banda de Rábade e Begonte en colaboración coa Fundación Manuel María trasladámonos á casa do poeta en Outeiro de Rei. A Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultural tivo especial presenza e reunidas concluímos nunha proposta de traballo conxunto de todas as asociacións culturais.

Programa

10:45 As Bandas de Música de Solfa, Rábade e Begonte recíbennos na praza do concello.

11:00 Palabras de benvida da organización no Auditorio Manuel María.

11:15 Actuación do grupo de teatro da A. C. Medúlio de Ferrol.

11:30 Breve presentación da Casa Museo Manuel María e visita guiada (por grupos). Simultaneamente, proxección de audiovisuais.

12:30 Saída para a carballeira de Sta. Isabel con parada no cemiterio de Outeiro para realizar unha ofrenda á Manuel María. Na carballeira, actuación da Banda de Música de Rábade e Begonte, dirixida por Armando Morales; a Coral e Banda de música de Solfa dirixidas por Francisco Tobar e Fernando Rei.

18:45 Actuación musical de peche: Pepe Vaamonde Grupo.

Tivemos tempo para un xantar amenizado cos cánticos da coral de Solfa e bo chapuzón no río Miño dos máis novos. Día que quedará nas nosas memorias e deu como froito elaborar unha **Iniciativa Lexislativa Popular sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación da obra de Castelao polo pobo galego.**

21 de setembro

Festival de Bandas de música en Negreira

Domingo, 21 de setembro, ás 18.00h. no Auditorio municipal de Negreira deu comezo o XIV Festival de Bandas de Música de Negreira.

Banda de Música de Solfa abriu o acto e a continuación a Banda de Música de Antas de Ulla e finalmente rematou a Banda de Música Ateneo Musical de Negreira.

27 de setembro

Certame de Bandas de Música en Brión

Sábado, 27 de setembro, ás 18.00h. a praza do Concello de **Brión**, dentro da programación das **festas de Sta. Minia**, acolleu a celebración do **Certame de Bandas de Música** que contou coa participación da **Unión Musical de Ponteledesma**, a **Asociación Cultural Musical Solfa** e a **Banda de Música Municipal de Brión**.

28 de setembro

Concerto da Banda de Música de Solfa, no campo da festa, na Parroquia de Pereira, Concello do Pino, ás 13.00h. con motivo das festas de San Miguel.

19 de outubro de 2014

Concerto no Teatro Jofre de Ferrol

Agradecementos sinceros e cordiais á Sociedade Cultural Medulio polo convite realizado á nosa asociación para, un ano máis, partillar con eles momentos musicais e darnos a oportunidade de interpretarmos os nosos poemas e a nosa música nun escenario excepcional. O concerto deu comezo ás 19.00h. do domingo, 19 de outubro de 2014 no Teatro Jofre de Ferrol. A nosa coral, dirixida por Francisco Tobar Cereijo, abriu o acto facendo un repaso amplo por cancións populares galegas e portuguesas, e tamén interpretando textos de poemas galegos. Seguidamente, a Banda de Música de Solfa, baixo a dirección de Fernando Rei Mallo, puxo o broche final ao concerto.

Programa

Coral de Solfa

Director: Francisco Tobar Cereijo

Verdes São os Campos

Letra: Luís de Camões
Música: Zeca Afonso
Arr.: M. Roseira Días

María Soliña

Letra: Celso Emilio Ferreiro
Música: Antonio Paz Valverde
Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Não quero que vás à monda

Popular Alentejana
Arr.: M. Faria

Minueto-Don Juan

W.A Mozart

A Saleta

Letra: Manuel María
Música: Xosé Carlos Seráns
Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Rosas

Letra: Manuel María
Música: Xosé Carlos Seráns
Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Fisterra

Popular galega
Arr.: Francisco Tobar Cereijo

Banda de Música

Director: Fernando Rei Mallo

A freixa

R. e F. Groba

Festa na tolda

Gustavo Freire

Monte Medulio

Andrés Álvarez

8 de novembro

Concerto da Coral de Solfa en Colmenar Viejo – Madrid

O día 8 de novembro, sábado, a coral de Solfa trasladouse a Colmenar Viejo (Madrid) e no Auditorio da Xuventude de dita localidade, ás 19.30h. comezou o concerto coa coral El Canto. A nosa coral fixo un repaso amplo de cancións populares galegas, portuguesas e sempre con presenza rigorosa dos textos dos nosos poetas. E para finalizar e baixo a dirección de Francisco Tobar Cereijo as dúas corais interpretamos “O voso galo, comadre” e “Negra Sombra”.

9 de novembro

Concerto da Banda de música de Solfa na Estrada

Aos seguidores da Banda de música de Solfa convocámosos o día 9 de novembro, domingo, no **Teatro Principal da Estrada**. Comezou o concerto ás 19.00h. baixo a dirección de Fernando Rei Mallo e interpretaron o repertorio que levamos ao VIII Certame Galego de Bandas de Música Populares que se celebrou no Auditorio de Galiza o 15 e 16 de novembro en Compostela.

- **A freixa** R. e F. Goba
- **Festa na Tolda** Gustavo Freire
- **Monte Medulio** Andrés Álvarez

14 de novembro, ás 20.00h.

Concerto da Coral e Banda de Música de Solfa no Centro Sociocultural das Fontiñas

Concerto especial e previo ao VIII Certame Galego de Bandas de Música Populares. A Coral de Solfa iniciou este concerto.

15 de novembro

VIII Certame Galego de Bandas de Música Populares

A Banda de música de Solfa participou neste VIII Certame que se celebrou no Auditorio de Galicia, os **días 15 e 16 de novembro de 2014**.

A terceira sección abriu este certame ás 17.00h. do sábado. Comezou coa Banda música de Silleda; a continuación a Lira de Ribadavia, Rianxo e Cabral e finalmente, **ás 19,30, coa actuación da Banda de Música de Solfa**, deu remate a esta terceira sección. Aínda que non acadamos premio si que compensou o traballo e esforzo realizado polos membros da banda para poder participar neste Concerto. A directiva deu os parabéns aos membros da banda de música por ese esforzo aínda que nos queda un camiño longo que recorrer xuntos e seguro que veremos satisfet@s os nosos desexos.

Concertos no Nadal do Coro de Solfa

Neste Nadal a coral Solfa actuamos en distintos lugares da nosa cidade, Praza Roxa e Toural. Acudimos a distintas residencias de maiores e cun repertorio de panxoliñas, cancións populares galegas, portuguesas e brasileiras intentamos que nos nosos maiores pasen un momento agradábel.

Luns, día 15 de decembro, ás 18.00h. na Praza Roxa.

Venres, día 19 de decembro, ás 16.30. en Agadea – Salgueiriños.

Venres, día 19 de decembro ás 18.00h. na Praza do Toural.

Luns, día 22, ás 17.30h. na residencia de maiores Volta do Castro.

Martes, día 23, ás 17.30h. no Centro de Maiores Xeriatros – R/Escultor Camilo Otero, 2 na rotonda da Ponte Pedriña.

Páxina Web de Solfa.

Contamos cunha páxina web <http://asociacionsolfa.org>. Na actualidade son 37877 visitas. A nosa web serve para dar información puntual de toda a nosa actividade cultural e musical que organizamos. Teñen cabida todas as asociacións culturais coas que temos colaboración e traballos conxuntamente a prol da normalización cultural lingüística de Galiza.

Decembro 2014.